


OS NOSOS FALARES



CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO
CURSO 2020 - 2021

LIMBIAR



Benvid@s a un novo exemplar da revista “Os nosos falares”! Despois dun ano convivindo co Covid-19 queremos confesar que sodes os grandes superheroes da pandemia! Que ben o fixéstedes!

Este ano, como é habitual, presentámosvos nestas páxinas algúns traballos realizados polo alumnado e profesorado do centro. E pódese dicir que nos esforzamos moito e que somos ben traballadoriñ@s!

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



INDICE



No noso primeiro ano de cole	2	Monicreques na clase de Relixión	24
Supercole da Laracha: Salvando o mundo	5	Paco Papán	25
Receita da felicidade	8	Experimentos	26
Mario e Pich	9	Temos un compromiso	27
Bote da amizade	10	A nosa biblioteca	28
Nadal	11	Actividades propostas	30
Ofertas	12	Un antes e un despois...	32
Divertímonos cos acrósticos	13	Letras galegas	34
1º C respira feliz	14	Despedida agridoce	35
Entroido	15	Humor tiras cómicas	36
Traballos manuais para pasalo ben	16	Chistes	37
Que queres ser de maior?	19	Pasatempos	38
Noticieiro de 4º A	22	Toca dicir adeus!	39
Poemas: A primavera e os insectos	23	Agradecementos	41



NO NOSO PRIMEIRO ANO DE COLE...

TRABALLAMOS
COAS MANS



XOGAMOS COS NÚMEROS
E COAS LETRAS



EXPERIMENTAMOS



APRENDEMOS A JOGAR EN EQUIPO!



FIXEMOS
ARTISTADAS!



E INVESTIGAMOS



YEAH! SUPERCOLE DA LARACHA SALVANDO O MUNDO WOW!



UN DÍA NORMAL NO COLE, OS SUPERHEROES E SUPERHEROÍNAS ESTABAN XOGANDO.

QUE DIVERTIDO!

JI JI
JI JI



HABÍA UNHA FORTE TORMENTA... TRRRR

PROFE!! QUEREMOS ENTRAR

CRACK

CRACK



DE REPENTE... ESCOITARON UNS SONS MOI ETRAÑOS QUE VIÑAN DE DENTRO DO COLE...

¿QUE SERÁ?

TEMOS UN PROBLEMA.

OMG



TIÑANO CLARO... ERA UN VILLANO!!

OH NON!!!

QUE FACEMOS AGORA?



POLA VENTANA VIRON O SEU RAILO CONXELADOR....

MIRADE!

AÍ ESTÁ!!!



QUERÍAN ENTRAR AO COLE, PORQUE HABÍA TORMENTA E TIÑAN MOITO FRÍO.

TEMOS QUE ENTRAR!!

QUE FRÍO..



DE REPENTE... A PORTA PECHOUSE!!

PRECISAMOS AXUDA.

NON PODEMOS ABRIR!

BOOM!



PARA ENTRAR NECESITABAN UNHA CHAVE...

GOPS!



NO MAPA VIRON QUE A CHAVE ESTABA NO INVERNADOIRO...

MÍRADE O QUE PON O MAPA.

TEMOS QUE IR ALÍ.



ASÍ QUE DECIDIRON IR ATA ALÉ...

IMOS ALO AMIGUÍÑOS!!

IMOS!!



O VILLANO QUERÍA DESTRUIR TODA A LARACHA COS SEUS RAIOS CONXELADORES!



OS HEROES E HEROÍNAS FORON CORRENDO Ó INVERNADOIRO COMO FLASH

OMG!



VEÑA RÁPIDO!!

HAI QUE BUSCAR!



A ESCAVAR!!



OS SUPERNENOS ESCAVARON COAS MANS SEN PARAR.

XA A A TOPAMOS!!

WOW!



OS SUPERHEROES E SUPERHEROÍNAS VOLVERON CORRENDO PARA O NOSO COLE, MOI RÁPIDO!



ABRIDE A PORTA! QUE SE ESCAPAI!



....ATA QUE O ATRAPARON CUNHA REDE COMO A DE SPIDERMAN (CUNHA PISTOLA LANZA-REDES!!!)

CANDO ABRIRON A PORTA, OS SÚPER NENOS E NENAS CORRERON DETRÁS DO SÚPERVILLANO...

QUIETO AÍ!!



ATRAPADO!! UNHA VEZ QUE O ATRAPARON...

QUE FAREMOS CON ESTE MALVADO VILLANO?



BANG

JAJAJA JAJAJA

HMM...



GRRRR!





O VILLANO INTENTABA ESCAPARSE



EMPEZOU A LANZAR RAIOS CONTRA A REDE



NON ESCAPARAS!!!
NON!!!!



OS SUPERHEROES E SUPERHEROÍNAS QUITÁRONLLE O RAILO CONXELADOR CO IMÁN QUE TIÑAN NAS MANS.



E TIVERON UNHA GRAN IDEA



METERON AO VILLANO NUN SACO DE PATACAS



O VILLANO CHORABA



FORON A XUNTO DA SÚA CURMÁ POLICÍA E PEDÍRONLLE A TARXETA PARA METELO NO CÁRCERE



METERON AO VILLANO NO CÁRCERE

NON ESCAPARAS



CONSEGUÍMOLO



WOW!

FIN

TULIPÁNS, XIRASOIS, ALEGRINS MAIO 2021



RECEITA DA FELICIDADE

INGREDIENTES:

- 5 CAZOLOS DE AMOR
- 5 GOTAS DE BO COMPORTAMENTO
- 3 PRESAS DE AMIZADE
- 5 CUCHARADAS DE BICOS
- MOITOS PASEOS POLA NATUREZA
- MÍNIMO 1 ABRAÇO AO DIA
- UN FEIXE DE PALAVRAS BONITAS
- MÍNIMO 3 SORRISOS AO DIA
- JOGAR MOITO COA FAMILIA

PREPARACIÓN:

REMEMEXER TODO E
DESFAZAR


5 anos A



MARIO E PICH

CONTO ESCRITO E ILUSTRADO POLOS NENOS E NENAS DE 6°C DE EDUCACIÓN INFANTIL

ERASE UNHA VEZ DOUS PRIMOS QUE SE CHAMAN MARIO E PICH.



UN DÍA ESTABAN NA PRAIA E ATOPARON UN ANILLO.



COMO NON SABIAN QUE FACER CON ÉL REGALARONLLO A UN AMIGO.



OLA, CHAMOME REX. O ANILLO ERA MEU

OLA REX. QUERES QUE TE DEVOLBAMOS O ANILLO?

MENTRES TOMABAN O SOL APARECEU UN PAXARO BLANCO, AZUL E AMARILLO.



ENTON OS NENOS FORON A BUSCAR O SEU AMIGO E PEDIRONLLE O ANILLO E DEVOLBERONLLO A REX.



DÍA DO LIBRO: 23 DE ABRIL DE 2021



BOITE DA AMIZADE



6º B E I



NADAL



OFERTAS!

OFRÉCESE TALENTO...

Ofrezco clases de organizar fiestas de pizama na patia

EMMA 1-A	EMMA 1-A	EMMA 1-A	EMMA 1-A	EMMA 1-A
-------------	-------------	-------------	-------------	-------------

OFRÉCESE TALENTO...

Ofrezco clases de Fútbol para tarde na meu xandiro da miña casa

MANU 1A	MANU 1A	MANU 1A	MANU 1A	MANU 1A	MANU 1A
------------	------------	------------	------------	------------	------------

OFRÉCESE TALENTO...

Ofrezco clases de Mario Party para tarde por videochamada

MARCO 10A	MARCO 10A	MARCO 10A	MARCO 10A	MARCO 10A	MARCO 10A
--------------	--------------	--------------	--------------	--------------	--------------

OFRÉCESE TALENTO...

Ofrezco clases de debuxar na clase cando rematamos as tarefas que mandamos os profes

IRIXA 10A	IRIXA 10A	IRIXA 10A	IRIXA 10A	IRIXA 10A	IRIXA 10A
--------------	--------------	--------------	--------------	--------------	--------------

OFRÉCESE TALENTO...

Ofrezco clases de arte



XIANA 10A	XIANA 10A	XIANA 10A	XIANA 10A	XIANA 10A	XIANA 10A
--------------	--------------	--------------	--------------	--------------	--------------

OFRÉCESE TALENTO...

Ofrezco clases de pintura



LONE 10A	LONE 10A	LONE 10A	LONE 10A	LONE 10A	LONE 10A
-------------	-------------	-------------	-------------	-------------	-------------

OFRÉCESE TALENTO...

Ofrezco clases de BRAWL stars o fin de semana



RUBEN 10A	RUBEN 10A	RUBEN 10A	RUBEN 10A	RUBEN 10A	RUBEN 10A
--------------	--------------	--------------	--------------	--------------	--------------






Divertímonos cos acrósticos!!



As nenas e nenos de 1ºB realizamos a miúdo esta actividade tan divertida na que deixamos voar a imaxinación para atopar as palabras máis bonitas, gústanvos??




DIAMANTE
 INOCENCIA
 VIOA
 ELOXIO
 RAPIDO
 SOL
 INVERNADOURO
 OUTONO
 NAMORAR



LISTA
 ELEGANCIA
 DIVERTIDO
 INVESTIGAR
 CLASE
 IDEAL
 ANXO

ROSA
 ESPECTACULAR
 SOLUCIÓN
 PRECIOSA
 EXTRAORDINARIO
 CEO
 TESOURO
 OBEDECER




AMIGO
 MIMOS
 INTENTAR
 ZOO
 ARTE
 DANZA
 EXPERIENCIA



AMOR
 PAZ
 ESTRELA
 RAMO
 TENRO
 ALEGRIA
 SORRIR



BONITA
 INTELIXENCIA
 CORAZON
 OPERA
 SORRIR




Primeiro & respira feliz

SINTOME EN PAZ



Aprendemos a respirar melhor o ar livre.
 .BUSCA EM YOUTUBE "SOLO RESPIRA"

Mindfulness para nen@s!

- Adicamos 2 sessões a semana.
- vide probar a nosa classe.
- Também fazemos JOGA
- YOUTUBE: "saludo al Sol para niños"
- YOUTUBE: JOGA CON ANIMAIS SMILE & LEARN

- ESTOU TRANQUILIZADO
- ESTOU BEM
- É COMO O MEU PELUCHE FAVORITO

Também hai CONTOS
 RESPIRA
 * TENHO UN VOLCÁN BURBULLAS DE PAZ
 De maior quero ser... FELIZ!!!

Dalai Lama dixó:
 "Se ensinarmos meditación a os nenos... diminuíamos a violencia n'ha sociedade".

Mindfulness é:
 * respirar lento e atención.
 * manter a calma sentindo as "barriga" de algodón e cóxegas

Non nelesamos tanto e estamos mais tranquilos. Valoramos mais a natureza e o respecto aos demais.



ENGROIDO



TRABALLOS MANUAIS PARA PASALO BEN



NOME: Globo aerostático



QUE PRECISO:

- 5 cartolinas de cores.
- 1 folio.
- 1 cartón.
- 2 cordas.
- 1 retulador de cor dourada.

COMO O ELABORO:

Coller 4 cartolinas de cores e recortalas coa forma dun globo. Doblalas á metade e pegalas polo centro nunha cartolina azul. Recortar e pegar as nubes co sol. Cunhas cordas e un cartón facer a cesta do globo aerostático. Finalmente debuxar as gaiotas.



NOME: Cesta con pinzas.


QUE PRECISO:

- Unha botella.
- Pinzas de madeira.
- Cartolina e goma eva.
- Pintura amarela.

COMO O ELABORO:

Primeiro cortamos a botella e pintamos as pinzas. Pegamos as pinzas arredor da botella e ca cartolina. Goma eva fixemos as orellas, nariz e os ollos.





NOME: Imán de resina

QUE PRECISO:

- Tesoura
- Silicona
- Pesa de imán
- Cristal
- Deburso

COMO O ELABORO:

Escollemos o deburso e pegámo-lo na pesa de imán, utilizando silicona transparente fina. Podemos cubrir o deburso con unaco/perla de cristal, que tamén pegaremos con silicona transparente.



NOME: Xoaniñas de pedra


QUE PRECISO:

- Pedras ovaladas
- Pinturas acrílicas: vermella, branca e negra.

COMO O ELABORO:

Pintamos o anaco dianteiro de cor negra e unha liña que ligue dúas metades. Cada metade, pintámola de vermella. Para rematar, pintamos os ollos de branco e na parte vermella un par de puntitos de cor negra.





NOME: Ourizo portap lapis

QUE PRECISO:

Pasta para modelar

Lapis

Palmo


Témperas

Pincel

Rotulador negro

COMO O ELABORO:

Ca pasta de modelar facemos a forma dun ourizo e cun palmo marcamos as rias partes. Despois, cun lapis, facémoslle os leuatos e o deixamos secar. Unha vez seco, o pintamos con témperas e volvemos deixalo secar. Por último, repasámosto con rotulador negro.



NOME: Ramoninho

QUE PRECISO:

Un lecate de patacas.

Rotulador negro.

Folios.

Pegamento e tesoiras.

Ceras de cor amarela, negro, corne e vermello

COMO O ELABORO:

Nun folio de leucamos as liñas como as dos lapis, noutro de leucamos as gafas, o nariz e a boca. Repasamos con rotulador e coloreamos. Pegamos todo no lecate. Facemos un cano en forma de punta de lapis e pegámolo na tapa.



QUE QUERES SER DE MAIOR?

O meu nome é David Becerra, teño 8 anos e cando sexa maior gustaríame ser socorrista, desde moi pequeno sou a piscina a nadar e gústame moito, pasárame moi ben o tempo dentro da auga facendo os exercicios que me indica o profesor de natación e aprendendo cada día máis.

Os socorristas teñen un traballo moi divertido e axudan moito as persoas sobre todo nos praias dando indicacións ós bñistas para que teñan coñecemento e meterse na auga do mar para que non lles pase nada, tamén fan cursos ós bñistas cando lles pica un peixe que se entona na area e que se chama escorpión.

Cando saíren os anos e en traballo de socorrista serei moi forte e van porque farei moito deporte para poder axudar a moitos nenos como min que lles gusta a natación.



David Becerra Ramos 3ºA




Eu de maior quero ser...

A mim de maior gostaria de ser Veterinário. Porque também me gostaria ter uma granadaria e así poderia cuidar e darlle os medicamentos que necessitaran os animais ademais de alimentar cartos.
A mim gustame muito esta carreira porque me gusta muito os animais e todo o relacionado co campo.




César Suárez Patiño 3º C





Como me imaxino de maior?



Eu imaxínome de maior sendo un catador. O dicionario di que un catador é unha persoa que proba cousas. No meu caso imaxínome de probador de comida que preparan os coqueiros e elixindo un deles como gañador.

O gañador é o que prepara a comida que máis me gusta.

O mellor de ser catador é que por probar comida danme


dinheiro. O malo é que algunhas veces a comida non me gusta. Tamén teño que facer exercicio ou volverme obeso.

Espero que toda a comida me guste! Tamén viaxaren a moitos

países para probar as súas comidas tradicionais. Iría a Ita-

lia polas pizzas e aos países asiáticos polo arroz. Viaxare

comer, o que máis me gusta.



Rodrigo Taiibo Franco



NOTICIEIRO DE 4ºA



A miña novidade deste curso foi que tiven que poñer lentes porque non vexo ben de lonxe.

Dani Viña

Vouvos contar unha curiosidade. A min puxéronme o aparato en maio. Érame bastante incómodo, pero agora parece que non o teño. Xa estou habituada!

Paula

Afectoume que algún días tiña exames seguidos e como tiña que estudar non podía ir ao fútbol.

Manuel

O meu pai e familia regaláronme unha raqueta semiprofesional de padel. Gústame moito!

Gorka

A miña novidade foi que tiven un problema no pé e me doía moito. Agora xa case me curou de todo porque uso plantillas de descarga.

Pedro

A miña novidade é que o 31 de xullo fago a primeira comunión. En principio ía ser o ano pasado; pero, por culpa do Covid-19 fágoo este ano. Tamén, ían vir moitas persoas, pero agora veñen poucas por culpa do coronavirus.

Cristian

Queríavos dicir que este 13 de maio tiven que ir ao médico porque estes días estiven mal da barriga. Estaba un pouco nerviosa polo pinchazo pero como a moza foi moi simpática xa se me pasou enseguida. Fun contenta á escola!

Lara

En xaneiro pasou algo que cambiou as cousas, a miña avoa enfermou. Iso afectou á miña familia porque miña nai pasa moito tempo no hospital. Espero que se recupere pronto!

Pedro Caamaño

O que me pasou neste curso foi que falta unha persoa moi importante na miña familia: miña nai.

Kevin

A novidade deste ano foi que tiven que ir ao dentista. Eu estaba moi asustado aínda que a miña familia me dixera que non había nada de que preocuparse. Cando fun, sacáronme unha moa e fixéronme unha ponte nos dentes. Os primeiros días foi moi incómodo pero conseguín adaptarme. Espero que ma quiten ponto!

Óliver

Este ano tiven moitas novidades. Unha delas é que todavía segue o Covid-19 e temos que seguir indo a clase e a todos os sitios con máscara. Espero que todo isto pase pronto dunha vez.

Gabriel

Este curso ocorreume algo que nunca pasara. Na clase de Educación Física estábamos xogando e un compañeiro empuxoume e caín; entón, rompín o óso do pulso. Canto me doeu! Estiven un mes coa escaiola!

Eva

Este ano por pouco me poñen lentes porque non vía ben o encerado. Eu creo que era cousa miña porque me levaron ao oculista e según eles vía ben. Menos mal que non as tiven que poñer porque me probei un par delas e víame fatal!!

Martina

Un suceso que me pasou este curso foi... que case queimo a casa!! Era un sábado e miña irmá e eu estábamos facendo tortitas. Todo ía ben, miña irmá estaba metendo a masa e eu recollendo a fariña. De súpeto, saltou unha chispa de aceite fóra da tixola e subiu o lume para arriba!!

Ángela

Este ano notei tres cambios con respecto o curso anterior.

- Uso da máscara.
- No recreo non podemos xogar cos nenos doutras clases.
- Non podemos ir a algunhas actividades extraescolares.

Aarón





A primavera

A primavera é tan bonita,
porque está chea de margaridas.
Hai abellas e bolboretas,
que iluminan o planeta.

A piña é de cor amarela,
como as estrelas.
o solíño é tan bonitiño,
que me deslumbra cos seus ollíños.



David Pazos 4ºB

A primavera

pío, pío son os paxinos voar
pío, pío arredor do sol
pío, pío soa a música
pío, pío a primavera chegou
pío, pío as árbores florecen
pío, pío e froitos darán
pío, pío que ricos estarán!
pío, pío e moitos máis darán!
pío, pío na primavera
pío, pío o sol está quente
pío, pío e alegre a xente.

Daniela Lista Fuentes 4ºB



Os insectos

N unha cita quedaron
os insectos.

A bolboreta
enriba da maceta
rosa coqueta.

O escaravello
quere estar belo;
entón, erguese cedo.

A formiga
só lle importa a comida.

A mosca
vanlle axudar porque está chorca.
A abella
non pode ir porque xa vai vella.

Olaya Gorúa 4ºB






Monicreques na clase de Relixión



As ovellas (Laniños) son o primeiro agasallo que recibiu Xesús.



E tamén fixemos monicreques sobre a Semana Santa e sobre a historia de “Lois e as súas perrenchas”.



Paco

Papá



O CEIP Ramón Obeso Pedrayo gañía o concurso "Nós tamén creamos!"



Os nenos e nenas do grupo C fixeron unha curta chamada "Paco Papá", que saíu en todas as medios de comunicación



Os nenos e nenas deste curso fixeron unha curta con colaboración dos nenos e nenas de 6º curso. Para facer esta curta inspiráronse nun libro de Patacrúa e Evelyn Díez, chamado "Paco Papá". Foi elixido por toda a clase mediante unha votación.



A curta foi elaborada nos anos 2.019 e 2.020, e no 2.021 publicouse na rede e gañou o concurso "Nós tamén creamos!", unha iniciativa promovida pola secretaría Xeral de Política Lingüística. En marzo foi retransmitida na CRTVG. Recibiron moitos parabéns.



4º C





EXPERIMENTOS



Os/as nenos/as de 4ºD animámosvos a que realicedes estes experimentos. Ídelo pasar xenial!


OVO SALTARÍN

Materialis:

- 1 Ovo
- 1 Bote con tapa
- Vinagre

Pasos:

1. Introduce un ovo no tarro
2. Bota vinagre ata cubriilo case por completo.
3. Espera 24 horas e...a botar! Xa tes un ovo saltarín!



TINTA MÁXICA

Materialis:

- Bolígrafo borrable
- Secador ou radiador
- Bolsa de plástico



Pasos:

1. Escribe unha mensaxe nun folio cun bolígrafo borrable.
2. Pono xunto ao radiador ou dálle calor cun secador e verás que a tinta desaparece.
3. Mete ese folio nunha bolsa de plástico e déixao no conxelador durante 24 horas...

MAXIA! VOLVEU A TINTA !

FERRO NOS CEREAIS!

Materialis:

- 1 Imán
- Un puñado de cereais e auga
- Unha bolsa hermética
- Un batedor.



Pasos:

1. Bota os cereais e a auga no batedor e tritura ata conseguir unha masa pastosa.
2. Estira a masa na bolsa.
3. Pásalle o imán por encima ata que vexas uns puntinhos negros perseguíndote.

ESE É O FERRO QUE COMES!

VOLCÁN EN ERUPCIÓN

Materialis:

- 1 limón
- Bicarbonato
- Xabón



Pasos:

1. Corta o extremo dun limón e espreme o seu zume nun vaso.
2. Bota o xel e o bicarbonato encima do limón.
3. Engádelle o zume que gardaches no vaso e... BOOM!!

COMEZA A ERUPCIÓN!!



TEMOS UN COMPROMISO

5ºA

Queremos darvos un aviso.
e cumprir un compromiso.
Os accidentes temos que parar
para o mundo mellorar.

Se menor queres contaminar
alternativas ao coche deber usar
por exemplo a bicicleta
cando vaias algo cerca

A vista na rúa debe permanecer
para a ninguén en perigo poñer.
Antes de cruzar tes que mirar
porque te poden atropelar.

O bus tamén é opción
para reducir a contaminación
e se podes ir andando
á terra estás axudando.

As sinais están para cumprir
e así todos poden conveir.
Nun semáforo debes parar
se de cor vermella está

Estes consellos has de seguir
e os accidentes reducir.

O cinturón debes poñer
para a vida protexer.
A velocidade hai que regular
para moitas vidas salvar

En todos os cidadáns confiamos
e esta poesía vos dedicamos.

STOP
accidentes



A NOSA BIBLIOTECA: HISTORIA DUN ESPAZO VIVO



Este curso máis que nunca, encontramos o momento idóneo para mellorar un espazo do noso cole que precisaba un cambio:

a biblioteca escolar.

Esta aventura comezou o ano pasado, un curso nada sinxelo por toda a situación derivada da pandemia Covid-19, pero no mes de maio fomos aceptados como centro no PLAMBE (*Plan de mellora das bibliotecas escolares*) e as nosas cabeciñas comezaron a pensar e cavilar mil e unha cousas para marabillar ao noso alumnado co proxecto que tiñamos en mente!

O curso comezou e o proxecto poñíase en marcha (en decembro faríanse as obras), así que mentres tanto e coas limitacións que tiñamos, fomos propoñendo algunha actividade.



Comezamos co “**Día das Bibliotecas**”, no cal o alumnado tiña que resolver un xogo de pistas para conseguir un gran agasallo: unha caixa con libros para a aula. Podedes ver os vídeos nos códigos →



← Como non podía ser doutra forma, tamén fixemos algunha que outra **recomendación** lectora, para tempos de pantasmas e bruxas, momentos de Nadal ou no día da nena e da muller na ciencia.



Por alá, no mes de decembro, pouquiño antes de cerrar a nosa biblio, propuxemos unha **felicitación de Nadal** moi especial, visibilizando a discapacidade, empregando, da mellor maneira posible que sabíamos, a LSE para os desexos do novo ano.



E chegou o momento de pechar as portas temporalmente, con moita ilusión comezamos a baleirar estantes e encher caixas cos bens máis apreciados: os libros. E agora tocaba esperar...

Voltamos das vacacións e coa obra aínda a medio camiño, quedaba moito traballo por diante. Pasou o tempo e foron moitos meses de traballo, de espera, de lidiar co Covid polo medio, de ter a biblio cerrada, tempo de mudanzas e de reformas (mooitas reformas); tamén foi un tempo de preocupacións, de dúbidas, de incertidumes pero, sobre todo, de ilusións, ilusión e alegría por mellorar o noso cole.





E o resultado valeu a pena, e as caras das nosas nenas e nenos así o demostran. Sempre quedan pendentes melloras, pero este novo espazo era imprescindible para levar a cabo todas as nosas ideas, un espazo que hoxe é unha realidade. Podedes ver a visita do alumnado e o antes e despois escaneando os códigos.



E coa nova apertura, novas actividades.

Para o mes de abril, con motivo do Día do Libro, propuxemos o **"I concurso de Contos encaulados"** do Otero Pedrayo. Profes e alumnado participaron nesta divertida proposta na que cada aula sacou o seu lado máis creativo! Ademais, temos 4 aulas gañadoras, as que máis acertaron levaron un pequeno agasallo de parte de Ramoniño. Aquí o podedes ver:



Como última proposta do curso, quixemos que algunhas das novidades que chegaron á nosa biblio foran presentadas de xeito diferente, a través dun **booktráiler**. E para iso, propuxemos unha "busca do tesouro" para encontrar os exemplares, na que o pasamos xenial. Aínda non vos podemos ensinar o resultado porque está en proceso... pero pronto o veredes. No código podedes ver como comeza todo.

E ata aquí este curso, que xa non estivo mal, e agora o que queremos é disfrutar da nosa biblioteca. Quédannos aínda moitas ideas: un espazo para "fedellar", un recuncho de prensa, novos espazos para as tecnoloxías, unha zona exterior... Ademais, estes espazos irán acompañados de propostas e actividades dinámicas, que inviten ao noso alumnado a visitar a biblioteca: un espazo para ler, compartir, contar e sorprenderse, para experimentar e para investigar, un espazo para compartir alumnado, profesorado e familias; un espazo para vivir.

Unha biblioteca que "invite a soñar cos ollos abertos".

Dende o equipo de Biblioteca queremos agradecer a todos os nosos compis a axuda e colaboración, en especial, o apoio por parte do Equipo directivo, por camiñar con nós neste viaxe que só acaba de comezar.

E a vós, nenas e nenos do Otero Pedrayo, darvos tamén as grazas por deixarnos ver as vosas caras de ilusión cando entrades neste novo espazo, na vosa biblioteca.

Para o próximo curso máis e mellor, non o dubidedes!

Isto só acaba de comezar!





NESTE CURSO ESCOLAR FIXEMOS MOITAS ACTIVIDADES!!



ON ANTES E ON DESPOIS...

● No invernadoiro

Xa o curso pasado empezáramos a traballar no invernadoiro pero co Covid-19 as malas herbas creceron e o que plantamos, perdeuse. Este ano un equipo de profesionais puxeron a punto, de novo, o invernadoiro. Querédelo ver?



● No patio

Este curso, ademais, un grupo de mestres empezamos unha formación sobre patios dinámicos co obxectivo de crear zonas máis alegres e divertidas de xogo. Queremos patios activos e inclusivos.

Xa empezamos con pequenos cambios pero falta aínda moito traballo.

Agora



Algúns cambios neste curso



No próximo curso 2.021-2.022



PATIOS
ACTIVOS E
INCLUSIVOS



Para o vindeiro curso pedirase a colaboración das familias tanto para aportar material como para axudar a transformar o patio.

Poderás axudarnos ao cambio?





Xela Arias Castaño naceu o 4 de marzo de 1962 na granxa de Barreiros, en Ortoá, Sarria (Lugo) onde seu pai era mestre de primaria. Era a primoxénita de Valentín Arias e Amparo Castaño.

Foi inscrita co nome de María de los Ángeles xa que daquela non se podían poñer nomes en galego, aínda que na súa casa sempre se referiron a ela como Xela ou Xeliña.

Ingresou no colexio Fingoi, en Lugo, onde cursou infantil e 1º de primaria e rematou os estudos de primaria e bacharelato en Lugo, cidade á que foi destinado o seu foi.

Con once anos, en 5º de primaria, gañou o VI Concurso de Contos Infantís O Facho, co relato titulado *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica*.

Cando rematou o bacharelato e polos seus coñecementos do galego entrou a traballar en Ed. Xerais de Galicia.

Xela foi poeta, tradutora e profesora de Lingua Castelá e Literatura en secundaria. Publicou os libros de poemas *Denuncia do equilibrio*, *Tigres como cabalos*, *Intempériome* e *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo. En 2021 publicouse a súa obra póstuma *Non te amola*, con relatos da súa infancia e con ilustracións de Luz Beloso.

Tamén foi tradutora ao galego de moitas publicación: *As bruxas*, de Roald Dalh, *Contos ao teléfono*, de Rodari, *O Gato Gaiado* e *a Andoriña Seña: Unha Historia de Amor* de Jorge Amado...

Polo seu traballo a prol do idioma galego a Real Academia adícalle o Día das Letras Galegas deste ano, 2.021.



DESPELIDA AGRIOCE



Somos os alumnos/as de 6ºC. Poderíamos ser un simple sexto de primaria máis da historia, pero non. Somos un sexto nun ano pandémico. O noso ano está sendo moi distinto ó das promocións pasadas, e a nosa partida cara ao instituto tamén o será. Imos contarvos as nosas sensacións deste curso, inquedanzas, sorpresas...



Pensamos dende o inicio, ao ver tanta norma na escola, que o ano ía a ser moi aburrido (sen actividades “chulas” e en grupo), pero levamos algunha que outra sorpresa. Certo é que botamos moito de menos as dinámicas de traballo cooperativo que tiñamos implantadas en quinto, pero este ano os “protocolos” non nos permiten arriscar. Que sorpresas tivemos?

A primeira sorpresa agradable foi que os mestres/as nos prepararon unha carreira de obstáculos solidaria no centro. A carreira **ENKI**. Non tiñamos nin idea de como ía ser xa que escoitabamos moito o da máscara, distancia e xel, pero... Foi divertidísima!!!



No **primeiro trimestre** vimos que as normas nos levaban a ter que xogar no recreo só cos nenos/as da nosa clase. Non nos facía moita gracia, pero Lidia dinos que temos que buscar a parte positiva de todo, e así o fixemos. Agora xogamos todos xuntos no patio, buscamos diferentes xogos, e somos unha clase máis unida. Non está nada mal iso.

A parte mala? Tamén a tivemos... non eramos capaces de saber se Lidia estaba enfadada ou non por culpa da máscara. O ano anterior ás veces “rifaba”, pero saíalle un pequeno sorriso que xa nos facía tranquilizar. Agora iso non é así. Ela pensa que si, pero cústanos moito.



O inicio do **segundo trimestre** foi moi duro. O Nadal tróuxonos unha realidade que non queríamos vivir. Na nosa aula tivemos varios positivos, nenos/as confinados/as... “A aula virtual formaba xa parte das nosas vidas”!!!!

En xeral, comezaron os nervios e moitos/as de nós notámonos moito máis cansos, preguiceiros e algo vagos. Buscando a parte boa, a moitos valeunos de excusa isto da pandemia (“je,je,je”), pero como di un compañeiro noso, “a vida é coma un exame, o máis difícil, e sempre distinto”.



Os nosos mestres viron o sucedido e querían que nos animásemos. Por iso a finais do segundo trimestre fixemos un “escape room” organizado para nós, para atopar a chave que nos deixaba saír da aula. Foi algo complexo realizar as probas en grupo sen tocarnos e mantendo as distancias, pero se queres algo e te esforzas, podes logralo.



Xa neste **último trimestre** as sorpresas non paran. Tivemos unha xincana literaria, unha charla de “stop accidentes”, e mesmo unha videoconferencia coa asociación ENKI onde nos explicaron como se comunicaban persoas con diversas capacidades (xordos, cegos...).

E a nosa maior inquedanza? Pois que rematamos a etapa de primaria, imos para o instituto e non imos ter unha gran excursión como levamos desexando todos estes anos.

Compañeiros/as, mestres/as... imos buscar a parte boa de todo, xa que ata dos peores momentos obtemos bos aprendizaxe. **TODOS XUNTOS, PODEMOS!**



Humor tiras cómicas



A vida con humor é moito mellor.

Os nenos e as nenas de 6ºA cremos que o humor é moi importante na vida, dá igual que sexa branco, negro ou multicolor; queremos compartilo con todos vós.






CHISTES




Nunha cabeza, un piollo atópase con outro que estaba chorando.

- Por que choras ? - preguntalle.
- Non pasa nada, é que me entrou champú nos ollos.



- Que fan dúas abellas na Lúa?
- Lúa de mel.



Un galego dille a outro:

- Oes Manolo, pásame outro champú.
- Pero se aí había un.
- Si home, pero este é para cabelo seco e eu xa mo mollei.

Vai un galego conducindo por Londres, prende a radio, xusto cando estaban dando as noticias, e escoita:

- **Atención, atención!** Comunícaselles aos automobilistas que hai un tolo manexando en sentido contrario ao tránsito. Teñan coidado!
- E o galego di:
- Como que un? Hai centos de automóviles que van en sentido contrario!!



Na sala do médico....

* Un paralítico levántase *

Cego: - Ti desde cando podes andar?

Sordo: - E ti desde cando podes ver?

Mudo : - E ti desde cando podes oír?

* O médico alucinando *



O papá avisa ao rapaz.

- Neno, sae do coche e mira se funciona o intermitente.
- Agora si, agora non, agora si, agora non....!

Vai un galego a Castela; estaba un home cunha burra, e o galego pasou mirando para ela.

Entón díxolle o home:

- Pase tranquilo que é segura.
- E dixo o galego:
- Que é segura ?... A burra ou a patada que me vai dar ? ...

-Que lle di un mono a unha sílaba?

- Monosílaba.



6º D






PASSATEMPOS



- Resolve o encrucillado.



Definicións


Verticais

1. Árbore que dá mazás
2. Árbore que dá limóns
3. Árbore que dá figos

Horizontais

1. Árbore que dá peras
2. Árbore que dá castañas
3. Árbore que dá ameixas



- Saberás saír do labirinto?



- Resolve a adiviña.

Con madeira de piñeiro,
de carballo ou de nogueira,
fago os mobles para o teu fogar

- Atopa as cinco diferenzas.



ALUMNOS/AS
DE
6º B



Toca dicir adeus!

Un ano máis ós/ás maiores de sexto tócanos dicir adeus! Rematamos primaria!

Este ano o sentimento é agrídoce. Temos a ilusión de comezar unha etapa nova no instituto, pero botamos de menos despedirnos entre abrazos e vendo o sorriso directamente dos compañeiros/as e mestres/as.

Queremos agradecer a toda a comunidade educativa a vosa axuda e apoio:

Grazas a todos os mestres e mestras que nos axudaron a medrar como persoas e a obter moitos coñecementos. Grazas por facer todo o que estivo nas vosas mans para manternos seguros. Sabemos que as normas tampouco eran do voso agrado, pero dende logo, funcionaron.

Grazas a todos os compañeiros e compañeiras que compartiron tanto momentos connosco: confidencias, estudo, enfados e resolución de conflitos...

Grazas compañeiros/as. Inda sabendo que a norma era non compartir material, sabidades que o iades intentar coa frase "profe! Pero se o desinfectamos?"

Este ano mención e agradecemento especial ao equipo directivo e persoal de limpeza. Sabemos que foi difícil. Que a responsabilidade se multiplicou (ou máis) e que somos unha carrada de nenos/as que sempre estamos a argallar algunha nova idea (non sempre boa para vós).

Grazas a Celia e Humberto. Fotocopias ao momento, chamadas ás nosas casas, primeiros auxilios e quilómetros e quilómetros. Si si. Cantos viaxes fixeron coa morea de lesionados que tivemos este curso escolar?

Grazas por último ao resto da comunidade educativa (persoal de cocíña, concello, familias...), por facernos eses menús tan ricos, por conseguir facer do comedor un sitio seguro nestes momentos, por axudar en diferentes proxectos de cambios no noso cole e sobre todo grazas ás familias por entender, apoiar e colaborar nas medidas implantadas este curso. Foi complexo, pero chegamos!!! E chegamos moi ben!!!





AGRADECEMENTOS

Agradecemos a todas as persoas que participaron na elaboración da revista escolar: alumnado, profesorado, Humberto, Celia, pais e nais, persoal de limpeza, persoal de cociña e ao concello.



Neste curso tan atípico, tamén queremos agradecer a todos os superheroes sen capa do noso día a día como son os sanitari@s, varredores, bombeir@s, gandeir@s, agricultores, traballadores dos supermercados e tendas, policía e corpos de seguridade... Non nos podemos esquecer que, para nós, os superheroes máis grandes son os nosos nen@s.

MOITAS GRAZAS!!!!





[HTTP://galelaracha.blogspot.com/](http://galelaracha.blogspot.com/)